

VENRES 5 DE XUÑO DE 2020

BOS DÍAS FAMILIAS!

1-CALENDARIO.

Hoxe é o último día da semana rexistramos o tempo que fai.

2-LINGUA GALEGA.

Abrimos a aula virtual e o libro de galego. Facemos a páxina 180, 181 e 182.

Hoxe imos traballar O SINGULAR e O PLURAL

SINGULAR –cando nomeamos **unha cousa** soa por exemplo o lapis, a goma, a nena...

PLURAL- cando nomeamos **máis dunha cousa**, por exemplo, os lapis, as gomas, as nenas..

Imos a escribir no caderno 5 nomes que estean en SINGULAR e 5 nomes que estean en PLURAL.

Facede as páxinas 180,181 e 182 do libro, picade nas actividades interactivas do libro online. Na páxina 182, no exercicio 2 tedes que arrodear as palabras do exercicio anterior de **vermello** as que o **U non soa**, e de **azul** nas que o **U soa**.

3-MATEMÁTICAS.

Hoxe imos facer a última **ficha de NUMERACIÓN** a nº28, seguimos aprendendo a escribir ben os números.

A centena non é un obxectivo de 1º polo que deixamos as fichas que faltan deste apartado para o próximo curso.

E facemos a **ficha nº 9 de PROBLEMAS**(saltamos a nº 8), lede con atención e observade o debuxo do exercicio nº1 que vos axuda a resolver o problema.

E deixo unha ficha de contas DE RESTAR para a fin de semana, para que a fagades con axuda, podedes facela con palillos, quitando o número de palillos que restades ou polo método de sempre, exemplo:

4 8	1º-RESTAMOS AS UNIDADES 8-5 = 3
- 2 5	2º RESTAMOS AS DECENAS 4-2 =2

2 3	

Gustaríame traballar a resta doutro xeito pero dadas as circunstancias...que vaian facendo contas de RESTAR SEN LEVADAS, e vadeas enviando cando a fagan, non fai falta que a envíen hoxe os/as nenos/as que lles toca enviar traballos.

HOXE ENVIAN OS TRABALLOS BRENDA,LUCAS IRENE E ALAN.

BOA FIN DE SEMANA!!

